



## Declaración de coñecemento por parte dos responsables legais da participación do alumnado nunha convocatoria que implica a non asistencia ás clases (“folga”)

[Unha vez cuberto, este documento debe ser entregado pola alumna ou o alumno á persoa titora antes do día da folga]

O próximo día \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_ está convocada unha “folga de estudantes” polo seguinte motivo: .....

Eu, .....,  
como nai, pai ou titor/a legal do alumna/da alumna

que cursa  3º ESO /  4º ESO /  1º Bach. /  2º Bach.no grupo  A /  B /  C do IES Auga da Laxe, mediante o asinamento deste documento **DECLARO que estou informada/o** de que a miña filla/o meu fillo **vai secundar esta convocatoria e que, polo tanto, ese día non vai acudir ao instituto.**

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

(sinatura)

Asdo: D./Dna. ....

### Base normativa:

- **Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación**, que no seu artigo oitavo recoñece o dereito de reunión a todos os membros da comunidade educativa, incluído o alumnado, de acordo coa lexislación vixente e tendo en conta o normal desenvolvemento das actividades docentes; e **Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación** que na súa disposición derradeira primeira, punto 5, recolle que «co fin de estimular o exercicio efectivo da participación dos alumnos nos centros educativos e facilitar o seu dereito de reunión, os centros educativos establecerán, ao elaborar as súas normas de organización e funcionamento, as condicións en que os seus alumnos poden exercer este dereito. Nos termos que establezan as administracións educativas, as decisións colectivas que adopten os alumnos, a partir do terceiro curso da educación secundaria obrigatoria, con respecto á inasistencia á clase non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción, cando estas fosen resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á dirección do centro.»
- **Normas de Organización e Funcionamento do IES Auga da Laxe**, que establece no apartado 3.4.c. o procedemento que debe seguir o alumnado para secundar unha decisión colectiva de non asistencia ás clases (“folga”). Poden ser consultadas en <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesaugadalaxe/node/1247>
- **Sentenza do 18/12/2014 da sección Cuarta da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo**, que establece que non cabe someter á autorización previa dos pais o dereito do alumnado a decidir colectivamente a inasistencia ás clases a partir do 3º curso da ESO.